



CONSIDERACIÓNS SOBRE A PRESENZA EFECTIVA DUN MEMBRO DO EQUIPO DIRECTIVO E DOS COIDADORES DE EDUCACIÓN ESPECIAL NOS COMEDORES XESTIONADOS POLAS ANPAS

-1º.- A Orde do 21 de febreiro de 2007 soamente resulta aplicable en todo o que non contradiga ou complete ao Decreto 132/2013.

-2º.- Aos comedores xestionados polas ANPAS unicamente lles resultan de aplicación os seguintes artigos do Decreto 132/2013:

Artigo 1

Artigo 2.1 d) e e)

Artigo 3.4

Artigo 5

Artigo 6

Artigo 8

Artigo 17.1, 2 e primeiro parágrafo do punto 3

Artigo 18

-3º.- As labores e responsabilidades a desenvolver polos directores, encargados e colaboradores nos comedores escolares só están normativamente previstas no caso dos xestionados pola Consellería. En coherencia con isto so poderán percibirse compensacións económicas polas labores realizadas nos comedores xestionados pola Consellería.

-4º.- O artigo 3.4 do devandito Decreto 132/2013 dispón textualmente: "*Estas administracións públicas e entidades privadas sen ánimo de lucro xestoras dos comedores escolares mediante as modalidades do artigo 2.1.d) e e) deste decreto organizarán e prestarán de xeito exclusivo os labores de atención e coidado dos alumnos nos comedores, mediante os seus propios medios persoais ou recorrendo á contratación con empresarios e empresas especializadas.*"





-5º.- A obriga de que os equipos directivos de cada centro que preste o servizo de comedor elaboren un protocolo propio de funcionamento aprobado polo respectivo consello escolar e ademais dispoñan cada curso escolar dun programa de prestación do servizo de comedor tamén aprobado polo consello escolar, non implica a necesaria e obrigada presenza efectiva dun representante da Administración Educativa do centro durante o acto de xantar, actividade que nos comedores xestionados polas ANPAS é de responsabilidade destas.

-6º.- A condición de comensais gratuítos dos cuidadores de educación especial so está prevista no Vixente Decreto que regula os comedores escolares respecto dos xestionados pola Consellería. Isto significa que os citados traballadores terán durante a súa xornada laboral que desempeñar as funcións previstas no seu convenio colectivo de orixe, entre a que se distingue a asistencia efectiva do escolar con minusvalía no comedor, evidentemente con independencia do feito de que sexa comensal ou non e de que durante o xantar haxa presenza administrativa ou non.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2014

